

BOLSA DE SANITARIOS PARA PRAIAS 2016

BAREMO PARA UNHA BOLSA DE SANITARIOS PARA PRAIAS 2016

A selección do citado persoal xustifícase pola necesidade urxente da contratación destes postos de duración determinada, por atender as circunstancias especiais e responsabilidades que ten o Concello do Grove en relación á concesión de bandeiras azuis e ao salvamento e seguridade nas praias.

Este proceso de selección iniciarase unha vez publicado un anuncio da convocatoria nun diario dos de maior difusión na localidade, así como na páxina web do Concello e no taboleiro de anuncios municipal.

É obxecto desta convocatoria a creación dunha bolsa de contratación laboral temporal de sanitarios para atender as necesidades de socorrismo en praias do concello do Grove, durante a tempada do verán do 2016, a través dun contrato de duración determinada e por un tempo máximo de dous meses, supeditada ás necesidades do servizo e á existencia de consignación orzamentaria.

REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES:

Deberán contar no momento da solicitude, polo menos, cun dos seguintes requisitos:

- Certificado de profesionalidade sociosanitario
- TSAFD
- Curso de primeiros auxilios de 40 horas ou máis
- Ciclo de técnico sanitario
- Ciclo medio de aux. de enfermería ou enfermería, ou superior
- Graduado/a en enfermería

As persoas aspirantes farán constar na súa solicitude (que se xunta como **anexo I**) cal é o requisito que cumpre, e deberá xustificalo.

BAREMO:

Puntuacións por titulación académica:

TITULACIÓNS OU CURSOS	PUNTOS
Curso DESA en vigor	1
Autorización de Patrón de Navegación Básica PNB	1
Titulo de Patrón de Embarcacións de Recreo PER	2
Curso de Prevención de riscos laborais - Mínimo 50 horas	1

BOLSA DE SANITARIOS PARA PRAIAS 2016

Puntuacións por experiencia profesional:

EXPERIENCIA	Máxima
Por cada contrato de salvamento en praias, socorrista acuático, patrón, enfermeiro, técnico sanitario, aux. clínica, etc.: 0.5 puntos por mes traballado	4

DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS:

Proba práctica:

As persoas aspirantes serán citadas, nunha única convocatoria, a través de paxina web do Concello ou polo teléfono que conste na solicitude, para realizar a seguinte proba:

Un exercicio práctico sobre as función propias dos traballos que se realizan nos postos de socorrismo de praias, para determinar polo tribunal, nun tempo máximo de 10 minutos.

A puntuación máxima será sobre 10 puntos, e será necesario obter un mínimo de 5 puntos para entender superada a proba.

Unha vez calculada a puntuación final de cada aspirante, elaborárase unha listaxe destes/as baseándose na puntuación final obtida e por orde decrecente. No suposto de empate nas puntuacións totais finais de dous ou máis aspirantes, este resolverase por quen teña maior carga familiar ou, en todo caso, por sorteo.

TRIBUNAL:

Presidente,
Secretaria,
Vogal,
Asesor externo, Santiago Santiago Estévez

Iniciado o proceso de selección, todos os anuncios serán publicados no taboleiro de anuncio e na páxina web do Concello do Grove.

O Grove, 29 de xuño do 2016

O alcalde

José A. Cacabelos Rico

BOLSA DE SANITARIOS PARA PRAIAS 2016

ANEXO I

D/Dna. _____, DNI/NIE
_____, domicilio _____,
concello _____.

Teléfono de contacto: _____

EXPOÑO:

Que sabendo da contratación laboral temporal de sanitarios para a tempada de verán 2016 no Concello do Grove e cumprindo con, polo menos, un dos seguintes requisitos:

- Certificado de profesionalidade sociosanitario
- TSAFD
- Curso de primeiros auxilios de mais de 40 horas
- Ciclo de técnico sanitario
- Ciclo superior de aux. de enfermería ou enfermería
- Ciclo medio de aux. de enfermería ou enfermería
- Graduado/a en enfermería

SOLICITO:

Ser admitido/a no proceso selectivo para a contratación laboral temporal de sanitarios no Concello do Grove 2016.

O Grove, ____ de _____ de 2016

(Sinatura)

Xunto coa solicitude, achego unha fotocopia compulsada do DNI, dos méritos e da documentación seguinte:

1. _____
2. _____
3. _____
4. _____
5. _____
6. _____

ALCALDE DO CONCELLO DO GROVE